

A morte da realidade

George W. Bush acada unha vitoria política que confirma o poder da ideoloxía sobre os feitos

Alfonso Armada

1. Limiar que leva ao que hai

Cando os resultados das contendas políticas non encaixan cos nosos prexuízos ideolóxicos tendemos a ditaminar que triunfou o desatino, que a lóxica xa non encamiña as decisións electorais, polo menos a que nós consideramos como verdadeira lóxica, que por certo non sempre coincide coa lóxica das cousas. Coa nosa narcisista inclinación a darlle ás nosas conviccións un prestixio irrefutable, a miúdo pensamos que a lóxica que aplicamos é a única fundamentada, a lóxica lóxica.

Cos Estados Unidos, pola súa condición imperial, de hiperpotencia cuxas opcións e imposicións marcan a lume de “realpolitik” espazos inconmensurábeis da realidade internacional, a pegada do seu ruído político no resto do planeta é inversamente proporcional ao impacto dos diferentes ananos políticos na ágora da terra dourada. O conxunto das nacións non ten ningún peso no voto dos electores estadounidenses (e sen dúbida aínda menos no que vota o seu fachendoso Congreso). Tampouco o incrementou a situación de emerxencia en que se instalou as relacións internacionais tras a salvaxe e calculada alza no seu punto de mira da multinacional terrorista Al Qaeda, a intervención máis espectacular da súa panoplia de medos: os ataques do 11 de setembro do ano 2001 contra Washington e Nova York. A cascada de reaccións que os atentados desencadearon no “Leviathan” estadounidense comezou deseguida a configurar unha nova paisaxe, unha nova legalidade e desorde que para algúns xoga nas mans dos soños máis delirantes de Osama Ben Laden e a súa corte.

Para conseguir os seus propósitos, a Casa Branca contou desde o primeiro momento co concurso entusiasta e a coreografía dos grandes medios de comunicación e formación de masas dos Estados Unidos, axentes decisivos na configuración dunha realidade en que o medo –os ataques non foron un simulacro– e a inseguridade xustificaron para a meirande parte das canles de televisión –o soporte máis influente no mercado das ideas e dos produtos– o emprego de recursos políticos, militares, diplomáticos, policiais e xudiciais en réxime especial. Eixo do novo manifesto –que ben se pode ler como unha posta ao día do “destino manifesto”–, os Estados Unidos como nación que ten unha encomenda de Deus para dirixir ao resto das nacións polo camiño do capitalismo protestante, un camiño en que o éxito económico non é máis cá confirmación de que a Providencia está da parte dos que gañan, é a nova doutrina estratéxica en que o ataque preventivo, o ataque antes de que sexa demasiado tarde, é un recurso irrenunciable para una superpotencia que se prece e que non se pode deixar

nas mans das Nacións Unidas, un organismo que a xuízo dos ideólogos de Washington non cumpre máis co papel para o que foi concibido, a súa fonte de legalidade non serve para as novas realidades impostas polas tácticas de Al Qaeda.

Ao lado do ataque preventivo como peza capital da estratexia washingtoniana alístase a figura xeostratéxica bautizada como eixo do mal, formado polas tres bestas mouras da Casa Branca: Iraq, Irán e Corea do Norte. A tríade dos “Estados canallas” foi esgrimida por George W. Bush antes do setembro en que o mundo mudou radicalmente, sobre todo porque os Estados Unidos, coas súas accións, crea realidades que logo hai que explicar e deconstruír. Un eixo do mal que tentaba apropiarse para o confuso e mediocre imaxinario político contemporáneo da claridade ética da Segunda Guerra Mundial (polo menos antes de Ialta e dos acordos para repartirse o globo en áreas de influencia): dunha banda o ben, é dicir, as democracias máis a Unión Soviética; da outra o eixo do mal formado daquela pola Alemaña nazi, a Italia fascista e o milenarismo imperial xaponés.

O aproveitamento político da sempre imaxinable escoura moral tivo nas recentes eleccións unha rendibilidade aparentemente considerable, aínda que sempre sobre a base dunha manipulación e domesticación dos feitos que con doses de paradoxo e alegoría habería de certificar coma a morte da realidade: a terxiversación do que acontece e a corrección dos datos que non encaixan coa misión moral nin coa envergadura do proxecto redentor: pedras angulares dun mundo novo redexado por cartabóns maniqueístas, a chumbada e o nivel dun Bush albanel alumeado que confesa recibir ordes directas do Grande Arquitecto.

Quen no ano 2000 acadara a presidencia de forma discutíbel –coa inestimábel axuda do Tribunal Supremo, que detivo o reconto das papeletas na Florida, o que puxo no prato a vitoria de Bush sobre Al Gore–, deuse de cara ao 11-S coa chave mestra tanto para acadar de súpeto unha lexitimidade ata entón incerta coma para pór en pé sen contemplacións nin máis demoras o que tanto el coma os ideólogos do seu equipo xa tiñan en mente cando chegaron ao poder. Parte do plano mestre era o derrocamento de Sadam Husein para trazar un novo mapa de alianzas rexionais no Oriente Próximo, o aproveitamento máis “lóxico e racional” de recursos coma o petróleo (vital para que os Estados Unidos manteñan o seu liderado industrial e militar; despois de Arabia Saudí, Iraq é o país con máis reservas de cru no seu subsolo) e a auga. O tirano de Bagdad, antigo aliado contra Irán, era un obstáculo a bater na primeira oportunidade.

Na hora dos atentados, Bush recibiu un xigantesco legado, un capital político en que a solidariedade de boa parte do mundo era unha parte nada desdeñable, e que o inquilino do número 1.600 da Avenida de Pensilvania podía investir para facer un mundo máis xusto e menos inseguro ou dilapidar. Son outros tempos, outros líderes e outras realidades. Bush non repetiu o camiño que escollera Harry Truman (se ben, todo hai que dicilo, despois de ordenar por primeira e única vez botar dous enxeños atómicos sobre as cidades xaponesas cando o imperio do sol nacente xa estaba derrotado: Hiroshima e Nagasaki).

Na sesión plenaria que deu nacemento á Organización das Nacións Unidas, Truman que encabezaba a nación que máis reforzada saíu da terrible confrontación da Segunda Grande Guerra, confirmada como a meirande superpotencia do planeta, proclamou: “Todos estamos obrigados a recoñecer –á marxe de como de grande sexa o noso poder– que temos que negarmos o dereito a facer sempre o que queiramos”. Un discurso moi distanciado da prédica que hoxe marca o paso en Washington, a pesar de que hai que ter en conta a maior humillación sufrida polos Estados Unidos ao longo de toda a súa historia, unha formidable coitelada que imprintou para sempre nas súas retinas xenéticas a conciencia da vulnerabilidade. Para máis desfeita, o golpe foi aplicado con exemplares requintados da súa orgullosa tecnoloxía e inflixido contra dous emblemas da súa hexemonía: o Pentágono (o complexo militar) e as Torres Xemelgas (o complexo económico e financeiro), co mínimo custo para os membros do comando (se descontamos o seu desprezo pola propia vida, polo menos no caso dos xefes, os cales sabían de antemán cal ía ser o final daqueles voos) e o maior efecto, burlando todo o poderío estelar da primeira potencia, todos os seus custosos sistemas de defensa e espionaxe, servíndose de civís para ser esmagados contra outros civís, e tendo en conta por riba de todo que para arrasar na sociedade do espectáculo tes que xogar coa súa propia dramaturxia. A forza do impacto foi multiplicada ata a “n” potencia por mor do sistema de produción, fabricación e difusión de noticias.

Naqueles momentos, tanto no lugar dos feitos coma diante de boa parte das pantallas do mundo que reflectían en directo o que acontecía no baixo Manhattan, as expresións máis escoitadas ían desde a incredulidade ao cinema: era como se non houbera máis ferramenta para descifrar o inimaxible o que o cine de catástrofes xa se cansara de imaxinar: “parece unha maldita película”, e atravesada a serra: “semellaba un anuncio, era increíble que tal cousa estivera acontecendo diante dos nosos ollos”.

Foron lugares comúns dunha epidemia de perplexidade: como se unha realidade que clausuraba unha época de seguridade para quen podía pagala e inauguraba outra de “en ningures a salvo” resultaba demasiado difícil de aturar para ollos que sempre tiñan un chisco de compaixón e desdén para os xenocidios, fames e desastres que acontecían no Terceiro Mundo, lonxe: confirmación necesaria de que o noso destino era outro. Agora temos máis para compartir, quizais os ecos dunha miseria e dun resentimento que non se pode illar nin acalar, o que de todos os xeitos non xustifica o recurso ao terrorismo: asasinato de civís e non combatentes por mor de argumentacións políticas.

Cando Bush pediu e recibiu do Congreso en pleno –Senado e Cámara de Representantes nunha desas sesións en que a unanimidade emocional e política lembrou a máis dun aos congresos do Partido Comunista da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas– plenos poderes para facer a guerra coa chamada *Patriotic Act* (A Lei Patriótica), o presidente dos Estados Unidos deseñou unha liña no chan poirento do mundo: a nova fronteira de separación entre o ben (ao seu carón) e o mal (os outros). Nunha lectura adaptada do Evanxeo cristián, e sobre todo do Antigo Testamento, Bush

puxou pola rectitude e obrigou a escoller un bando sen ambaxes co estrambote relixioso e xusticeiro de “se non estás comigo estás contra min”.

Desa fronteira moral na faciana nada metafórica da realidade a erguer un novo muro de contención ideolóxica e militar (muro das lamentacións, liña Maginot contra os inimigos da democracia, muro de Sharon, muro para deter a terroristas e inmigrantes tanto no sur dos Estados Unidos coma no sur de Europa, especialmente no sur de España), deseguida pasouse a chamar a rebato para a defensa de Occidente: chamada a filas de amigos e aliados para a primeira grande cruzada do novo século, que se se pensaba secular e da razón cedo morreu.

Como ben advertira Rafael Sánchez Ferlosio, “mentres os deuses non cambien, nada cambiará”. No retablo de Bush os deuses son vellos como a dor e o medo. Baixo a bandeira de recrutamento da “guerra a morte contra do terrorismo”, cos episodios xa coñecidos –mais non pechados– de Afganistán e Iraq, Bush formulou ás Nacións Unidas a encrucillada de ou ben caer na irrelevancia dunha sociedade de debates que de certo seguiría a senda da Sociedade das Nacións –que recibiu o golpe de morte precisamente dos Estados Unidos, cando o Senado, pese as demandas do presidente Woodrow Wilson, nunca ratificou a adhesión– ou apoiar a súa estratexia exterior (resulta paradoxal que os neoconservadores que tomaron o poder en Washington sexan considerados por analistas como William Pfaff como unha sorte de “novos trotskistas”, unha xeración de idealistas como Wilson conxurados en refacer o mundo a golpe de canón: impondo a democracia a sangue e lume se fose necesario, polo seu propio ben e por riba do seus cadáveres se é preciso, como hoxe en Iraq).

No Consello de Administración do Mundo –máis que Parlamento do Home, como soñaran os seus fundadores–, en que se sentan en pé de igualdade na súa Asemblea Xeral ditadores e dirixentes elixidos democraticamente –e entre os primeiros unha mancha de dirixentes de países islámicos que en non poucas ocasións alentan ditaduras e alimentan querendo (Arabia Saudí) ou sen querer (Exipto) o irredentismo islamista, en moitos casos amigos estratéxicos e enerxéticos dos Estados Unidos–, Bush logrou arrincar a luz verde do Consello de Seguridade para atacar e derrubar o desapiadado réxime dos talibáns afgáns. Mais no caso de Iraq, a sociedade internacional non mercou a especie de que o camiño contra o terror pasaba por Bagdad (seguramente pasaba, e segue a pasar, por Xerusalén). A “entente cordiale” trabada por Washington, Londres e Madrid (Bush, Blair e Aznar: o “trío das Azores”, pois nese arquipélago acordouse o ultimato a Bagdad) foron incapaces de convencer ás Nacións Unidas de que o perigo de Saddam Husein era tan agudo e eminente que xustificaba pararlle o cronómetro aos inspectores de armas das Nacións Unidas e invadir Mesopotamia.

As grallas desa estratexia están nos telexornais de *Al Yazira*, Europa e nalgúns dos Estados Unidos: a vitoria militar foi coma un lóstrego, tan eficaz coma o estilo de guerra que lle gustaba librar a Wehrmacht de Hitler. Pero a proba de que a ideoloxía primaba sobre a cautela en Washington, forzouse aos equipos de espionaxe a fabricar un inimigo máis poderoso do que na realidade, dotado de armas de destru-

ción das que xa se librara despois da Primeira Guerra do Golfo, vencellada ademais ao terrorismo internacional e cómplice de Ben Laden nos atentados do 11-S.

A maquinaria propagandística acendida por Bush e o seu vicepresidente, Dick Cheney, para xustificar a invasión non minorou tras a cadea de revelacións que trouxo o derrocamento de Sadam Husein: ao contrario, foi o ferro no que seguiron a martelar na campaña electoral que levou a unha sorprendente vitoria en novembro, amosándose como adais da consistencia fronte os vaivéns do seu rival, un John Kerry que era, na opinión da clac republicana, case que unha nena. Tanto Bush coma Cheney eludiron a guerra de Vietnam aproveitando as súas relacións, ambos acusaron a quen combateu e gañou medallas no río Mekong, de non ter o que hai que ter, de non ser un líder fiable en tempos de terror e, como reiterou sen vergonza o vicepresidente, mesmo garantir que se o electorado escollía ao senador por Massachusetts o risco dun novo atentado devastador na terra nai era inevitable: é dicir, como en Madrid, votar por Kerry era votar polo acougo e os terroristas. Unha derrota do ben. Pero Sadam Husein non só representaba unha ameaza máis ca para o seu propio pobo e a súa disidencia, senón que, en troques de adiantar a loita contra o terrorismo, a invasión de Iraq fixo anacos o tecido social dun dos países musulmáns en que a relixión menos contaba.

A ocupación converteuse en corno de recrutamento para o terrorismo, deulle máis bazas propagandísticas a Ben Laden e amosou o lado máis escuro da Administración republicana co seu desdén polas Convencións de Xenebra: tanto en Guantánamo (onde por orde expresa do presidente Bush mantense a cincocentos detidos sen xuízo nin esperanza baixo a insólita figura legal de combatentes inimigos: espectros nun limbo legal, nunha verdadeira colonia penitenciaria que Kafka xa soñara) coma en Abu Ghraib, unha das prisións máis temidas do réxime iraquí, onde o sentimento de impunidade da soldadesca estadounidense levouna –previa autorización da superioridade– a recorrer ás torturas nos mesmos lugares onde a policía de Sadam Husein esmagaba aos seus disidentes. Nun novo capítulo da historia da infamia, homes e mulleres soldados do novo imperio posaban grotescamente diante das vítimas para imaxes dixitais que acabaron por atopar o camiño do mundo. O segredo do mal, ao descuberto. Como escribiu a ensaísta Susan Sontag nun artigo que foi portada (a modo de necrolóxica) da revista dominical do *New York Times*: “Somos nós”, referíndose aos torturadores, negando de cheo a tese oficial mantida tanto por Bush coma polo xefe do Pentágono, Donald Rumsfeld, de que os responsábeis deses actos “infames” eran “mazás podres”, que non representaban ao exército estadounidense. Algo que Seymour Hersh, en admirábeis reportaxes publicadas na revista *New Yorker*, desmentiu: as torturas (denunciadas pola Cruz Vermella Internacional tanto en Iraq coma en Guantánamo) respondían a una estratexia de humillación do inimigo, a unha política trazada desde os despachos da Casa Branca.

Entre os asesores que aconsellaron erroneamente ao presidente figura o hispano con máis predicamento na bancada republicana: Alberto Gonzales, candidato de Bush para substituír a John Ashcroft como fiscal xefe, cabeza da Secretaría de Xustiza. Foi Gonzales (que no seu proceso de adaptación perdeu un til e trocou un “zeta”

por un “ese”, máis pronunciábel para os falantes anglosaxóns) un dos “peritos legalis” que defendeu que o presidente non tiña porque someterse ás “obsoletas” convencións internacionais como a de Xenebra ou a da Tortura, cando se trataba de defender a patria: os medios –incluso os antidemocráticos, os que deixan en dúbida a suposta razón dunha cruzada– xustifican o fin. Con todo, non convén tampouco esquecer que ningunha verba de denuncia contra de Guantánamo ou Abu Ghraib se escoitou ao aspirante demócrata, temeroso de que por defender os dereitos humanos do que os Estados Unidos lle gusta presentarse como o campión fora de novo posto en dúbida o seu patriotismo.

Os pais da revolucionaria Constitución estadounidense tentaron desde o comezo que o goberno dos homes cara ás monarquías europeas fose substituído polo goberno das leis. Os pais fundadores da exemplar democracia das colonias libres e independentes de América non cometeron o erro utópico dos bolxeviques de pensar que o home era bo, de que os seus intereses podían ser reeducados por un ben común e superior: todo o contrario. Precisamente polo temor corroborado en Europa de que o poder enxendra sempre moitas tentacións, polo coñecemento escéptico do que en realidade somos, preferiron por a lei por riba dos individuos, precisamente para domar esa tendencia innata na especie ao abuso. A amanita do poder é irresistible. Non obstante a astucia sempre disimula baixo grandes ideais e invoca ao Partido ou á Providencia, e disfrazas as razóns secretas nas razóns de Estado das súas accións menos defendíbeis, mellor evitar o risco, mellor establecer un sistema de contrapesos e garantías, un sistema en que a prensa era e é parte fundamental.

Paradoxalmente, esa estratexia, adobada con grandes doses de retórica relixiosa e moral, e de medo a un inimigo que non ten rostro, que pode volver golpear na terra sacra, e desta vez –como non se cansa de repetir Dick Cheney– con armas atómicas, foi o que a pesar dos erros e das mortes, dos estragos dunha política económica que fiscalmente beneficiou aos máis ricos, rematou por lle dar de novo a vitoria a Bush nunhas eleccións nas que semella que a realidade, os feitos, os datos, pereceron fronte á ideoloxía, fronte á necesidade de crer que o que os ollos ven non é certo, non pode ser certo. Aínda que para isto é preciso considerar que o que os ollos da meirande parte dos estadounidenses enfocan para tentar entender o que acontece son as canles de televisión –e non é só o caso da ultradereitista *Fox*– que fixeron un fraco favor á verdade e compartiron de bo grao coa Administración republicana a chamada a pechar filas diante do mal sen matices, o patriotismo por riba doutras consideracións: asumiron a consigna “estamos en guerra” sen distancia crítica, e, como adoitan facer os canallas, envolvéronse na bandeira para agachar a súa covardía ou a súa incompetencia. Deixaron de esixir responsabilidades dos erros á hora de protexer o país, evitar o 11-S, reaccionar con intelixencia e proporcionalidade aos atentados, coidar de non facer máis mal ca ben á hora de responder ao pulso sanguinolento de Al Qaeda ou de defender a democracia, a legalidade internacional, as leis da guerra. A non converter a xustiza en vinganza. Os medios demoraron en esixir contas ao goberno.

O que de certo practicaron e practican a cotío Bush, Cheney e o seu coro é o “rexeitamento de calquera responsabilidade sobre as súas decisións, como se tiveran unha sorte de incapacidade temperamental para admitir o máis mínimo erro”, sinalou Jonathan Schell no semanario *The Nation*. Coa vitoria nas eleccións, que a fin de contas, lembra Schell, é “a única forma de lexitimación que unha democracia pode ofrecer, e merece respecto”, Bush gañou o que no 2000 non acadara: un mandato popular. Entramos xa que logo, di o comentarista nunha “Carta desde a Zona Cero”, “nun pesadelo lexitimado”.

A dobre linguaxe que denunciara George Orwell, un idioma ao servizo da mentira, que corrixe o que desmerece a foto que se quere dar da realidade: o Pentágon e a Casa Branca aprenderon ben a lección de Vietnam: as imaxes de mortos propios e alleos (sobre todo civís) fan un fraco favor á opinión pública, que pode volveirse de costas aos máis nobres intereses do Estado, que a poboación non sempre está en condicións de apreciar e entender. “Eu sei ben o que vos convén porque teño informacións secretas que non podo compartir sen por en perigo a seguridade común”, sería o dito de Bush como foi o de Aznar. Precisamente o estilo argumentativo que non compraban, que desprezaban, os pais da democracia estadounidense.

Quizais unha das máis lúcidas achegas ao entendemento da manipulación política proporcionouna Lewis Carroll, o autor de *Alicia no país das marabillas* e *Alicia a través do espello*, cando Humpty Dumpty albisca que o importante non é o significado das palabras: “O importante é quen manda aquí”. A autoridade, o poder, como creador de realidade. O líder coma deus, ou coma un intérprete privilexiado dos designios de Deus. Non é de estrañar que a presidencia do imperio –como fixeron moitos imperios do pasado– invoque a beizón de Deus para as súas decisións e para o faro que alumea en cada hora á humanidade. Bush e a súa cuadrilla entenderon cedo esa realidade que elimina o indesexábel. Que os grandes medios o axudaran nesa empresa –moitos deles convencidos de que en tempo de medo e grandes ameazas é preciso pechar filas como un só home tras o líder providencial– e que millóns de estadounidenses mercasen esa receita di moito da capacidade para face-la realidade irrelevante, polo menos á hora de decidir quen é o mellor presidente posíbel da nación máis poderosa da Terra en tempos de néboa e incerteza.

2. Valores morais, ou tentativas de explicar o comportamento electoral

Á saída dos colexios electorais o primeiro martes de novembro, unha enquisa estableceu que o 22 por cento dos votantes fixo a súa escolla do presidente baseándose en “valores morais”. Non obstante, segundo a revista *The Economist*, a porcentaxe de cidadáns que sitúa os valores éticos e morais como a súa primeira inquedaanza baixara dun 40 por cento en 1996 a un 34 por cento hai xa catro anos. O mapa de cores que reflicte as inclinacións ideolóxicas dos estadounidenses amosa unha inmensa mancha vermella (a cor dos republicanos) en boa parte do interior

do país e en todo o sur, mentres que o azul (a cor dos demócratas) resiste nas dúas costas e nalgúns Estados á beira dos Grandes Lagos. Entón, podería deducirse, xunto con outros datos, que o celeiro republicano está no campo e no interior mentres que os redutos demócratas sitúanse na costa e nas grandes cidades. Mais convén coller con pinzas a referencia aos valores morais como explicación do que aconteceu o 2 de novembro, sobre todo para os que como Kofi Annan, José Luis Rodríguez Zapatero e a maioría dos europeos apostaron por Kerry e non foron capaces de imaxinar que a pesar da espantosa realidade da guerra iraquí e outras falcatruadas o electorado estadounidense íase decantar por catro anos máis do mesmo na Casa Branca. Enténdase tamén como unha chamada de atención para todos aqueles que consideran que a súa lóxica, sendo a boa, non pode fallar, e que se falla é porque o pobo “americano” entoleceu.

Como entendemos que moitos pobres votaran contra os seus intereses? Frank Rich, que fora crítico de teatro do *New York Times* e agora escribe unha columna de análise cultural e mediática no suplemento artístico dos domingos, citaba a Jim Bunning, senador reelecto por Kentucky, cando ao igual có presidente fachendeaba de que non lía os xornais e, como o vicepresidente Cheney, recorre á cadea *Fox* para procurar a súa dose diaria de “información”. “É a canle que mellor reflicte o que eu fago”, dixo nunha ocasión Cheney, ex director de Halliburton, unha das firmas que mellores contratos a dedo recibiu para prestar servizos loxísticos ao exército estadounidense e para a reconstrución de Iraq e dos seu sistema de extracción de petróleo, que ademais segue dando dividendos ao vicepresidente a pesar do seu desempeño político ao servizo da nación. Un conselleiro da Casa Branca confesou ao xornalista Ron Suskind: “Agora somos un imperio e cando actuamos creamos a nosa propia realidade”. Pode que a furiosa peza do dramaturgo Sam Shephard *O deus do inferno*, é dicir, Plutón, peque de maniquea, panfletaria e propagandística, pero son moitas veces os propios persoeiros da política estadounidense (non só dela) quen parecen encantados de amosarse como son: xente do común. Nada como os estadounidenses como propagandistas de si mesmos.

Chama a atención que ata os “homeless” de Manhattan leven nos seus carros da compra a bandeira das barras e estrelas: formas formidábeis da alienación. O que entendeu moi ben Felipe González cando dixo que á hora de morrer era mellor ser acoitelado en Manhattan ca en Moscova. Bush II é o mellor intérprete do seu personaxe: fillo dun privilexio social que lle permitiu eludir a leva de Vietnam e pasar o tempo disimulando na patrulla aérea que “protexía” a fronteira sur do país da invasión comunista, ingresar e resistir en Yale sen cumprir os requirimentos intelectuais e sortear os continuos fracasos como empresario do petróleo grazas á axuda dos magnates amigos de familia. Bush puxo un indubidábel encanto persoal que lle permite posar como un “americano común e corrente” nas mans do cerebro Karl Rove. Desde as campas de Texas, onde Rove, cualificado polos seus inimigos de “cativo Goebbels”, ideou as primeiras e demoledoras campañas de esnaquizamento dos rivais, levouno primeiro ao pazo do gobernador de Texas e, logo do pasado novembro, por dúas

veces á Casa Branca. Non é de estrañar que á hora dos agradecementos, Bush cualificárase de “arquitecto”.

A pesar de que as enquisas fixeran deducir ben cedo aos analistas que na derrota de Kerry primou a cuestión dos valores morais, o mesmo Frank Rich nun artigo publicado no *Times* en novembro tentaba desmontar unha simplificación en que a miúdo caen os europeos, que sempre prefiren verse nun estirábel estético por riba dos “vulgares americanos”, cando logo sonche –sómosche– grandes consumidores de boa parte da produción cultural desta banda do mar, e non sempre da máis “exquisita”. Baixo o epígrafe, “En canto a ‘valores morais’, a vitoria azul é por avalancha”, o afiado observador subliña que o imperio mediático de Rupert Murdoch, o dono de *News Corporation* (en que *Fox* é “prima dona”) acadou unha nada desdeñábel cota do mercado editorial con títulos de libros esclarecedores: *Como facer o amor como unha estrela do porno*, firmado pola experta Jena Jameson, ou *Como ter unha vida sexual XXX*, da pluma das *Vivid Girls*, dous exemplos de como dentro da maioría moral evanxélica que se decantou por Bush hai cancha para moitas voces e besbellos. A Comisión Federal de Comunicacions (FCC, segundo o seu acrónimo anglosaxón), que dirixe Charles Powell, fillo do secretario de Estado Colin Powell (o personaxe máis tráxico do primeiro equipo de Bush, que viu como a súa doutrina de empregar a forza cando non quede outra posibilidade, pero tendo sempre certa unha estratexia clara de saída, era desprezada na invasión de Iraq, e que non soubo desvencellarse a tempo e tivo unha patética intervención nas Nacións Unidas en que tentou nunha sorte de teatro do absurdo de demostrar o perigo iraquí, case tan patética como as que protagonizou Ana Palacio, a xefa da diplomacia de Aznar), vén de amosar a súa ecuanimidade á hora de vixiar as fronteiras morais de todo o que se emite polas pantallas impondo unha multa de 1,3 millón de dólares á *Fox* por comportamento indecente a causa dun episodio de *Casada con América*. Lembra Rich que do suposto 22 por cento dos votantes que tiña os famosos “valores morais” no máis alto da súa táboa de salvación, o 79 por cento votou polo tándem Bush-Cheney.

Eses votantes gustan de se referir a si mesmos como cristiáns renados ou evanxélicos. Parte dese enerxético e influente conglomerado é Paul Crouch, evanxélista fundador da máis poderosa rede audiovisual cristiá, a *Trinity Broadcasting Network*. Crouch negou de cheo as acusacións dun antigo empregado de que tiveran unha relación homosexual, aínda que despois de chegar a un acordo para sacar o asunto fóra da realidade por uns módicos 425.000 dólares. Para Thomas Frank, autor dun dos máis celebrados ensaios de socioloxía nacional –*Que pasa con Kansas?*–, “os valores sempre pasan ao asento traseiro a favor das necesidades do diñeiro en canto se acadaron os votos”. Logo de xogar hipocritamente ás inquedanzas polo estado de Hollywood, a televisión, os matrimonios homosexuais e o aborto, o mundo das finanzas –desde o imperio Murdoch a outros xenerosos contribuíntes ás arcas republicanas, como Sumner Redstone, presidente de *Viacom*; Richard Parsons, xefe de *Time Warner*, ou Jeffrey Immelt, xefe supremo de *General Electric* (proprietaria da cadea *NBC* e os estudos *Universal*)– tornaron sen perder o tempo (subliñan Rich e Frank)

ás súas máis elevadas prioridades: os rendementos do capital investido e as rebaixas de impostos.

Falando de valores morais, non deixa de chamar a atención un mapa que publicou o *New York Times* o pasado 21 de novembro: as porcentaxes de divorcios, suicidios, asasinatos e lectores da revista *Playboy* eran moito máis altas en Estados vermellos (republicanos) do sur e do interior (como Nevada, Montana, Wyoming, Novo México, as dúas Dakotas, Iowa, Arkansas, Luisiana e Mississippi) ca nos azuis (demócratas) de Nova Inglaterra. Unha enquisa sobre como votaron os estadounidenses elaborada a partir das respostas de 13.600 votantes por *Edison Media Research* e *Mitofsky International* para un consorcio integrado por *ABC News*, *The Associated Press*, *CBS News*, *CNN*, *Fox News* e *NBC News* (do que o diario *The New York Times* ofreceu amplo resumo o 7 de novembro), determinou que Bush non só mantivo a quen lle votou nas eleccións de 2000, senón que conseguiu novos apoios no campo contrario. A maioría de homes, brancos, protestantes, xente que vai regularmente á igrexa, con boa posición económica, conservadores e, por suposto, republicanos, optaron por Bush. Unha maioría de mulleres, negros, hispanos, mozos, peor pagados, moderados, liberais e, por suposto, demócratas, escolleron a Kerry. Aínda que unha maioría de mulleres segue decantándose polos demócratas, Bush logrou incrementar a porcentaxe republicana, reducindo de 10 a 7 desde hai catro anos a diferenza cos demócratas. O candidato demócrata gañou o respaldo do maior número de solteiros desde 1988. As mulleres solteiras déronlle o 62 por cento dos seus sufraxios a Kerry. Como se agardaba, a maioría dos protestantes, sobre todo brancos e hispanos, escolleron a Bush.

A pesar de que Kerry foi o primeiro candidato católico desde os anos 60 (cando John Fitzgerald Kennedy gañou a Casa Branca), a maioría dos católicos preferiron ao seu opoñente. Aí xogaron sen dúbida un papel nada desdeñábel as críticas da xerarquía católica a Kerry por non se pronunciar contra o aborto e non condenar nidamente o matrimonio homosexual: 52 por cento dos católicos votaron por Bush fronte ao 47 que o fixeron por Kerry, un cambio sorprendente respecto do 2000, cando Al Gore imantou o 49 por cento do voto católico fronte a un 47 que apostou polo segundo Bush que aspiraba á presidencia.

Os negros, á marxe das súas preferencias relixiosas, seguiron apoiando masivamente aos demócratas: 9 de cada 10 votantes negros dixeron si a Kerry. O campo xudeu tamén permaneceu fiel aos demócratas, agora ben, o firme apoio de Bush ao primeiro ministro israelí, Ariel Sharon, tivérono en conta e o candidato republicano avanzou do 19 por cento que conseguira hai catro anos ao 25 por cento do electorado. Bush tamén logrou incrementar a súa penetración na primeira minoría do país: a pesar de que a maioría dos hispanos seguiu a preferir aos demócratas (56 por cento, unha baixada respecto do 67 por cento que obtivera Gore), o ex-gobernador de Texas fixo medrar o 31 por cento do 2000 ata o 43 por cento desta vez. En sintonía cun vello adaxio que di que a xente da costa e das cidades tende a ser máis liberal cá do interior e a das vilas e a do campo, Kerry foi amparado por unha maioría de votantes que

reside nas grandes cidades, emporiso atrapou menos adherentes có vicepresidente de Clinton: mentres Gore conseguiu un 71 por cento de voto urbano, Kerry consinou un 60 por cento. Bush logrou en Estados clave como Ohio e Florida o voto rural. Mentres que en cidades de entre 50.000 e 500.000 habitantes o voto se repartiu ao 49 por cento para cada un, nos suburbios, nas cidades de entre 10.000 e 50.000 habitantes e nas áreas rurais, a vitoria foi sempre para o campo republicano.

Algúns gústalle xogar aos enigmas sobre o segundo mandato de Bush na Casa Branca, desde que é tradición o estoupido de escándalos cando o presidente dispón de catro anos máis sen ter que volver a engaiolar ao electorado a unha tendencia a pensar máis na historia que na conxuntura. Pero Bush xa manifestou en máis dunha ocasión o seu desprezo pola historia: tanto polo seu estudo coma polo súa difusión. Se cando gañou as eleccións pola mínima e de xeito irregular optou por unha política ultraconservadora, que se pode agardar desta segunda hora cunha incontestable maioría e o Congreso máis afianzado aínda nas mans do seu partido? Queda a realidade. A pesar de que pareza que non interveu na escolla dos estadounidenses, o seu bater, as súas leis e esixencias non se poden agachar eternamente.

3. Coda realista sobre o que son e contan os medios

Para a xornalista Amy Goodman (autora do libro *Na cama co inimigo* é o rostro con máis predicamento na cadea de emisoras de radio e televisión alternativa *Democracy Now!*, [‘¡Democracia agora!’]), “o Pentágono despregou algo máis potente que calquera bomba ou mísil: os medios estadounidenses de comunicación de masas”. Goodman considera que “o xornalismo é hoxe en día a arma máis poderosa sobre a Terra”, quen de dar verdadeira conta ou de rectificar a realidade. A causa das grandes canles, di a xornalista, “a democracia está en perigo nos Estados Unidos. Por culpa dos medios de comunicación de masas, que en grande medida dimitiron da súa obriga para servir a outros intereses diferentes da busca da verdade. Os medios serviron de vías de transmisión das mentiras de Bush, mentiras que custaron e seguen a custar moitas vidas.

Se non fora pola complicidade dos grandes medios, Bush non tería feito o que fixo. Que a maioría da xente deste país pense que se atoparon en Iraq armas de destrución masiva non é porque sexa parva, senón porque hora tras hora, día tras día, mes tras mes é o que lle fixo crer non só a *Fox*, senón tamén a *CBS*, a *ABC*, a *NBC* e case todas as cadeas. Repetiuse, agravado, o que xa ocorreu na Primeira Guerra do Golfo, hai dez anos: daquela, a *Westinghouse* posuía a *CBS* e *General Electric* tiña a *NBC*: dous dos principais fabricantes de armas atómicas tiñan entre os seus activos a dúas das máis importantes cadeas de televisión. Dous dos principais fabricantes de enxeños atómicos eran asemade empresas encargadas de darlle ao Pentágono a maior parte dos compoñentes das armas e munições que se empregaron naquela guerra. O que ao remate contemplábamos nas nosas pantallas non era máis que un desfile de

material militar. E o panorama non fixo máis que empeorar desde aquela. O monopolio mediático e o militarismo van da man. Esa é unha entente que ten que ser desenmascarada. Os medios de comunicación son o instrumento que nos permite entender o mundo, é o camiño polo que os outros poden entendernos. O noso papel non é botarlle azucre á guerra, senón reflectila”. Evitar, a fin de contas, a morte da realidade. Mais esa é outra historia. É?

Nova York, decembro, 2004.

Alfonso Armada (Vigo, 1958), é desde xaneiro de 1999 correspondente do xornal ABC en Nova York. Durante case 14 anos traballou en El País. Froito dos seus cinco anos como correspondente para África dese diario saíron os seus Cuadernos africanos (*Península*, 2002). É tamén autor dos libros España, de sol a sol (*Península*, 2001, con fotos de Corina Arranz) e do poemario en galego Pita velenosa, porta dos azares (*Tambo*, 2002).